

UNIVERSIDADE  
DE VIGO

## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO:

Barcia Rodríguez, Ignacio  
Costas González, Xosé Henrique  
Estévez Toranzo, Margarita  
Fernández Iglesias, Manuel  
Fernández Jáuregui, Manuel  
García Vázquez, Xosé Manuel  
Lameiras Fernández, María  
Longo González, M<sup>a</sup> Asunción  
Mato de la Iglesia, Salustiano  
Valeije Álvarez, M<sup>a</sup> Inmaculada

### DECANOS/DIRECTORES

Alén González, Elisa  
Alonso Carrera, Jaime  
Araújo Nespereira, Pedro A.  
Arias Sánchez, Pedro  
Barreiro Alonso, Enrique  
Cabeza Pereiro, Jaime  
De Lorenzo Rodríguez, Edita  
García Fontán, Soledad  
López Díaz, María  
Pou Saracho, Juan María  
Suárez Pazos, Mercedes

### PDI-A:

Alba Castro, José Luis  
Caballero Rúa, Armando  
Fernández Souto, Ana Belén  
Fernández Suárez, Emilio Manuel  
Grande Seara, Pablo  
Graña Rodríguez, Ana María  
Meana Martínez, Juan Carlos  
Mejías Sacaluga, Ana María  
Pereira Domínguez, Alejandro  
Pino Juste, Margarita

### PDI-B:

Gil Villanueva, José María

### ESTUDANTES:

Silveira Valledor, Manuel

### PAS:

Pérez Gómez, Luis

### CONSELLO SOCIAL:

Pérez Mato, Federico

### SINDICATOS:

Díez Ferrer, José Bienvenido

Fernández Fernández, Federico

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Vila Alonso, Mercedes

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 20 de xullo de dous mil doce, convocada para as 11:30 horas en primeira convocatoria e ás 12:00 horas en segunda, na sala de xuntas da Reitoría.

O venres día **20 de xullo de 2012** ás 12:00 horas deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesións ordinaria do 19 de xuño de 2012.
2. Informe do Reitor.
3. Informe do Comisionado do Campus do Mar sobre a memoria do Campus do Mar do primeiro semestre do ano 2012.
4. Aprobación, se procede, da proposta de Normativa de permanencia e progreso do estudiantado das titulacións oficiais de grao e de máster universitarios da Universidade de Vigo.
5. Aprobación, se procede, da proposta da Normativa de aceptación de doazóns bibliográficas.
6. Aprobación se procede, da renovación de comisión de servizos.
7. Informe do Consello de Goberno sobre as declaracións de interese de propostas de novos títulos de grao e máster.
8. Aprobación, se procede, do Regulamento de estudos de doutoramento.
9. Aprobación, se procede, de excedencia temporal nas condicións previstas no artigo 17 da Lei 14/2011 da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación e reguladas no convenio entre a Universidade de Vigo, a Fundación Ikerbasque e CIC biomaGUNE.

10. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de colaboración entre as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo e os Ilustres colexios de procuradores da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo para a impartición do “Máster en Procuradoría” – Addenda ao Convenio de colaboración entre as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo e os Ilustres colexios de procuradores da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo para a

impartición do “Máster en Procuradoría” – Convenio entre a Curtin University of Technology (Australia) e a Universidade de Vigo para a mobilidade do alumnado e do persoal – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Colegio de la Frontera Norte A.C. – Acordo de colaboración entre a Universidad de Huelva e a Universidade de Vigo no marco do proxecto “Porta Laurea” – Convenio marco de colaboración para a constitución da Red Europa América Latina de Comunicación y Desarrollo (REAL\_CODE).

11. Rogos e preguntas.

**Punto 1.** Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 19 de xuño de 2012.

Apróbase por asentimento.

**Punto 2.** Informe do Reitor.

Toma a palabra o reitor para manifestar o rexeitamento en nome do goberno da Universidade de Vigo ás medidas de recorte que nos últimos meses afectan ás universidades públicas; continúa a súa intervención dando lectura ao informe que se recolle como **Anexo I**.

**Punto 3.** Informe do Comisionado do Campus do Mar sobre a memoria do Campus do Mar do primeiro semestre do ano 2012.

O reitor cede a palabra ao Prof. Emilio Fernández, Comisionado do Campus de Mar, quen procedeu a presentar a memoria das actividades realizadas durante o primeiro semestre de 2012. Expón ante os membros do Consello de Goberno unha explicación detallada de cada un dos apartados que conforman o documento (**Anexo II**).

O Comisionado do Campus do Mar finaliza a súa intervención cualificando o semestre como un período realmente intenso en traballo, no que se despregaron múltiples actividades que, na súa opinión, son exemplo do que debe ser o Campus. Entre outras actividades destaca a aprobación do programa de doutoramento Marine Sciences, Technology and Management; as achegas acadadas a través de COFUND; e o especial esforzo que se realizaron nestes meses a prol da proxección internacional do Campus, sendo así que todos os programas contemplados no Plan Estratéxico están en fase de inicio ou de desenvolvemento.

Intervén o Sr. Federico Pérez Mato para preguntar polo grao de implicación das empresas privadas e cal é a canle procedimental adecuado para presentar proxectos. Responde o Comisionado do Campus do Mar dicindo que o traballo e o calendario de reunións coas distintas consellerías, o Concello de Vigo e outras institucións é moi intenso; que non hai especificamente unha canle formal, que, en todo caso, o procedente é o contacto directo ou a comunicación por medio dos servizos dixitais de e-colaboración, a título de exemplo cita a web do Campus do Mar. Sinala, que a principal conexión virá dos xestores de innovación: un equipo de profesionais que procurarán o incremento de eficiencia entre as relacións investigación e empresa.

Intervén o reitor para dicir que a partir do próximo curso os informes serán trimestrais.

**Punto 4.** Aprobación, se procede, da proposta de Normativa de permanencia e progreso do estudiantado das titulacións oficiais de Grao e de Máster Universitarios da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Alumnado, Docencia e Calidade para expor a proposta de Normativa de permanencia e progreso do estudiantado das titulacións oficiais de grao e máster.

O vicerreitor sinala a importancia desta normativa para a organización docente da universidade, recordando o feito de que a carencia dunha normativa de permanencia adaptada ás novas titulacións foi reflectida, tanto nos informes de verificación das titulacións como nos do seguimento da súa implantación. Apunta que podería dar idea da importancia da normativa de permanencia o seu propio proceso de aprobación, xa que, de aprobarse a proposta que se presenta, debe ser informada favorablemente polo Consejo de Política Universitaria, correspondendo ao Consello Social a súa aprobación definitiva.

Incide na trascendencia da norma a considerar dada a súa incidencia na vida académica de cada estudante, na súa planificación e desenvolvemento ao longo da permanencia nunha titulación e no seu rendemento. E para a universidade, na consecución dos resultados expresados nas taxas de eficiencia, abandono e graduación das titulacións, así como no aproveitamento dos recursos.

Despois de indicar a conveniencia de que a proposta sexa considerada coa perspectiva suficiente, fóra de situacións coxunturais, pasa a repasar algúns dos trazos máis salientables: a consideración global do traballo do/a estudante, co establecemento dun sistema baseado nunha bolsa global de créditos que un o unha estudante pode utilizar durante a permanencia nunha titulación; en canto ao progreso do/a estudante, a consideración, salvo no primeiro curso, do seu rendemento ao longo de varios cursos; a posibilidade de cursar os estudos a tempo parcial; a atención ás situacións derivadas de necesidades educativas especiais; o establecemento de límites mínimos e máximos do volume de matrícula, segundo a filosofía do ECTS; e o establecemento, por esixencia do Regulamento de estudantes, dos parámetros nos que se desenvolverá a avaliación curricular.

Sinala en último lugar que, segundo o art. 7, a normativa entrará en vigor a partir do curso académico seguinte á aprobación polo Consello Social e que, segundo impón a disposición adicional, as normas de matriculación e de xestión académica deberán harmonizarse coa presente normativa.

Solicita a aprobación polo Consello de Goberno e informa que o borrador se discutiu cos alumnos representantes nos órganos colexiados.

Intervén o Sr Silveira para solicitar aclaracións sobre os requisitos para ser admitido como estudante a tempo parcial e que a valoración deberá ser feita a favor do alumno.

Intervén o Prof. Jaime Alonso para opinar que a proposta supón unha baixa na esixencia nos requisitos de permanencia e progreso.

Responde o vicerreitor, que os estudantes son da opinión contraria, que a esixencia de resultados para a continuación de estudos, marcada na proposta, non é menos esixente polo feito de considerar os resultados ao longo de varios cursos, aínda da flexibilidade que supón. Así, no caso de matrícula para a continuación de estudos, se deberá obter cada tres anos de permanencia polo menos 60 créditos, cando se estea a tempo completo, e 30 créditos cando se teña o réxime de tempo parcial, e que no cómputo de estes créditos non serán tidos en conta os obtidos por recoñecemento.

Intervén o Prof. Juan Pòu para dicir que se trata dunha normativa para toda a universidade, e que se debería contemplar algún tratamento diferenciado cando se tratara de máster con atribucións profesionalizantes. Intervén a Prof<sup>a</sup> Edita Lorenzo para facer consideracións no mesmo sentido.

Intervén o Prof. Pedro Arias para dicir que coñece colectivos de estudantes que non están a favor da aprobación do regulamento.

O vicerreitor responde que xa estableceu un diálogo coa representación do estudantado no Consello de Goberno e, ademais, con estudantes da Escola de Enxeñaría de Minas, dirixida polo profesor Arias, que solicitaron unha entrevista na que lles aclarou diversas dúbidas sobre a proposta.

Procédese á votación:

Votos a favor: 21

Votos en contra: 1

Abstencións: 11

Apróbase a proposta de Normativa de permanencia e progreso do estudantado das titulacións oficiais de grao e máster universitario da Universidade de Vigo (**Anexo III**).

**Punto 5.** Aprobación, se procede, da proposta da normativa de aceptación de doazóns bibliográficas.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación, quen di que a doazón ou cesión a título gratuito de coleccións ou de materiais bibliográficos por parte de persoas físicas ou xurídicas, representa unha forma importante das coleccións bibliotecarias. O vicerreitor di que a normativa que se presenta regula as condicións e procedemento para aceptación de doazóns de coleccións ou conxuntos de material bibliográfico.

Somete a aprobación da proposta ao Consello de Goberno, sinalando que a aprobación definitiva é competencia do Consello Social.

Apróbase por asentimento a proposta de Normativa de aceptación de doazóns bibliográficas recollida no **Anexo IV**.

**Punto 6.** Aprobación se procede, da renovación de comisión de servizos.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen informa que, visto o informe favorable do Departamento de Fundamentos Matemáticos da Tecnoloxía Aeronáutica da Universidade Politécnica de Madrid, propón aceptar a petición de prórroga da comisión de servizos a favor do Prof. Fernando Varas Mérida, para que poida prestar os seus servizos naquel departamento e polo ano académico 2012/2013. Indica que o Departamento de Matemática Aplicada II, ao que pertence o profesor Varas Mérida, e a COAP emitiron informe favorable.

Apróbase por asentimento.

**Punto 7.** Informe do Consello de Goberno sobre as declaracións de interese de propostas de novos títulos de grao e máster.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen informa que na reunión da COAP, celebrada o 20 de xullo, se acordou informar favorablemente a declaración de interese da proposta do novo título de Grao en Enxeñaría Física.

En relación ao informe favorable á declaración de interese da proposta de título grao en Enxeñaría Física, a vicerreitora expón que esta proposta ten a súa orixe no acordo tomado na sesión de Consello de Goberno de 23 de marzo de 2012. Na citada sesión acordouse proceder a dar cumprimento á execución da sentenza do TSXG, de 15 de febreiro de 2012. En coherencia co fallo da citada sentenza, aprobouse encomendar á Xunta de Titulación de Física a elaboración dun plan de estudos para "1 Título transformación da Licenciatura en Física". É dicir, para executar dita sentenza nos seus propios termos resultaba obrigado encomendar á Xunta de Titulación de Física a elaboración do Plan de Estudos para "1 Título transformación da Licenciatura de Físicas". En coherencia, o informe favorable do Consello de Goberno á declaración de interese permite á citada Xunta de Titulación comezar a traballar na elaboración dos correspondentes plan de estudos e memoria, para a continuación proceder por parte dos órganos correspondentes a analizar a súa adecuación á actual normativa autonómica, a súa viabilidade académica e económica e as posibilidades e oportunidade da súa implantación.

Intervén o Prof. Juan Pou e o Prof. Pedro Arias para manifestar as súas reservas en relación coa idoneidade dun Grao en Enxeñaría Física no Campus de Ourense.

Intervén o reitor para dicir que o acordado hoxe no Consello de Goberno non é máis que unha expresión de interese previa a un documento (que non estamos en disposición de valorar), e recorda que se esta dando cumprimento a unha sentenza e que non hai que anticipar o debate.

Intervén o Prof. Jaime Cabeza para expor que dará o seu voto favorable á admisión a trámite, porque no seu día votou a favor en cumprimento da sentenza ditada polo TSXG.

Procédese á votación:

Votos a favor: 26

Votos en contra: 1

Abstencións: 4

O profesor Juan Pou pide que conste en acta a súa abstención.

O Prof. Pedro Araújo pide que conste en acta o seu voto en contra.

Apróbase por maioría a declaración de interese da proposta de novo título de Grao en Enxeñaría Física.

En relación ás propostas de novos títulos de máster, a vicerreitora sinala que, retirada unha proposta de Máster en Deseño de Moda da Facultade de Belas Artes, hai tres propostas para a implantación de novos máster no curso 2013/2014: Educación da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte; Xestión e Planificación Fiscal da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo; e Redes no Mar, Literaturas e Culturas, da Facultade de Filoloxía e Tradución.

A vicerreitora propón que, seguindo a proposta da Comisión de Posgrao, se informe negativamente a declaración de interese da proposta de tres novos títulos de máster ao non axustarse ningún deles ás excepcións aprobadas en Consello de Goberno de 24 de maio de 2012, que permitirían a implantación de novos máster no curso 2013/2014 (*Como norma xeral, non se admitirán propostas ex-novo para a súa implantación no curso 2013/14, agás nas seguintes situacións excepciónais: 1) másteres ligados a competencias profesionais reguladas; 2) másteres Erasmus-Mundus; 3) másteres interuniversitarios de carácter internacional e interés estratéxico*).

Intervén o Sr. Manuel Silveira, facendo uso da súa condición de representante do estudantado, para trasladar a protesta da alumna Noelia Fernández Represas polo informe desfavorable da Comisión de Posgrao, respecto da implantación do Máster en Educación na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte no Campus de Pontevedra. Solicita que o escrito se incorpore á acta (**Anexo V**) e pide resposta.

Apróbase por asentimento informar desfavorablemente as propostas de novos másteres para o curso 2013/14.

**Punto 8.** Aprobación, se procede, do Regulamento de Estudos de Doutoramento.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen informa que a normativa se adapta á normativa estatal (*Real Decreto 99/2011, de 28 de enero, por el que se regulan las enseñanzas oficiales de doctorado*). Indica, que o texto que se presenta é froito dun acordo das tres universidades do sistema universitario galego e pretende ter unha regulación unitaria nos aspectos básicos de planificación, organización e xestión académica dos programas de doutoramento

A vicerreitora destaca os aspectos seguintes: tribunais de avaliación, que poderán estar constituídos por tres titulares e dous suplentes; requisitos para ser director de tese de doutoramento; prazos para a presentación e defensa da tese de doutoramento etc. Salienta que a escola de doutoramento asumirá a organización, planificación, xestión e seguimento da oferta das actividades propias do doutoramento.

Intervén o Prof. Armando Caballero para indicar que o documento foi enviado con pouco tempo para a súa análise. Responde a vicerreitora que foi un documento de tramitación complexa debido ao consenso alcanzado entre as tres universidades, e que se traballou ata a última hora na súa redacción. Destaca o esforzo da directora de área de posgrao e sinala que foi levado á última comisión de posgrao, celebrada recentemente.

Intervén o Prof. Armando Caballero para preguntar cuestións concretas da normativa.

Intervén o Prof. Jaime Cabeza para agradecer o traballo e esforzo despregado pola vicerreitora e o seu equipo, pero anuncia que votará en branco por coherencia.

Procédese á votación:

Votos a favor: 21  
Votos en contra: 0  
Abstencións: 6

Apróbbase por maioría o Regulamento de estudos de doutoramento (**Anexo VI**).

**Punto 9.** Aprobación, se procede, de excedencia temporal nas condicións previstas no artigo 17 da Lei 14/2011 da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación e reguladas no convenio entre a Universidade de Vigo, a Fundación Ikerbasque e CIC biomaGUNE.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen informa que o profesor Luís Manuel Liz Marzán solicitou unha excedencia temporal, ao amparo do art. 17.3 da Lei da Ciencia, para trasladarse á Fundación Ikerbasque e CIC biomaGUNE. Sinala, que a COAP, celebrada o 20 de xullo, emitiu informe favorable condicionado á firma do convenio entre as tres institucións e ao cumprimento do mesmo.

Apróbbase por asentimento nos termos propostos pola COAP.

**Punto 10.** Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de colaboración entre as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo e os Ilustres colexios de procuradores da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo para a impartición do “Máster en Procuradoría” – Addenda ao Convenio de colaboración entre as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo e os Ilustres colexios de procuradores da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo para a impartición do “Máster en Procuradoría” – Convenio entre a Curtin University of Technology (Australia) e a Universidade de Vigo para a mobilidade do alumnado e do persoal – Convenio

marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Colegio de la Frontera Norte A.C. – Acordo de colaboración entre a Universidad de Huelva e a Universidade de Vigo no marco do proxecto “Porta Laurea” – Convenio marco de colaboración para a constitución da Red Europa América Latina de Comunicación y Desarrollo (REAL\_CODE).

Apróbanse por asentimento.

#### **Punto 11.** Rogos e preguntas.

Intervén o profesor Jaime Cabeza para anunciar o seu apoio ao informe do reitor, quere que conste en acta. Di que o Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, admite por cuestións de servizo a contratación temporal.

Intervén o profesor José Bienvenido Diez, quen agradece o informe do reitor. Di que a reitoría ten todo o apoio, sinala que a reforma obedece a un cambio de rumbo ideolóxico entre o Goberno e a institución, ten o apoio da UXT e do resto dos sindicatos.

Manifesta o seu temor polas prazas que non saíron a concurso no BOE nesta convocatoria e pola perda de calidade na implantación de Bolonia, que xa só se sustenta na boa vontade dos docentes. Mostra a súa preocupación pola situación académica e laboral dos Parga Pondal, que rematan este ano o seu contrato.

Intervén o Prof. Enrique Barreiro para preguntar sobre a xestión das prácticas curriculares externas e dá lectura a un escrito relativo ás deficiencias que afectan ao máster de secundaria.

O reitor expón o aspecto das xestións das prácticas: a organización desta primeira etapa corresponde á Vicerreitoría de Transferencia e Coñecemento e que se xestionarán cunha filosofía descentralizadora. Respecto á segunda parte da súa intervención, a vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións sinala que unha boa parte do contido do escrito do profesor Barreiro xa está atrasado e que non garda moita relación coa situación actual; que unha parte dos problemas, se non están solucionados, están en vías de solución. Precisa que, en relación ao cadro de profesores, a decisión non corresponde ao departamento, senón á comisión académica do máster.

Intervén a Prof<sup>a</sup> Mercedes Suárez Pazos, para pregar que a implantación do decreto de dedicación do profesorado non penalice aos docentes que asumiron cargos de xestión, porque redundará en que cada vez sexa máis difícil atopar persoas que desempeñen os cargos; igualmente, quéixase da cantidade de tempo empregado en asuntos de xestión pola elevada carga burocrática que pesa sobre os centros.

Intervén a Prof<sup>a</sup> Elisa Alén para sumarse ás palabras da Prof<sup>a</sup>. Mercedes Suárez Pazos e para facer un rogo respecto ao proceso de seguimento dos títulos. Sinala, que o informe de seguimento da ACSUG da titulación de Grao en ADE é negativo a causa da situación do centro adscrito no que se imparte a titulación, solicita que se inste aos seus responsables a implementar



ás melloras necesarias para non prexudicar aos centros propios que imparten a mesma titulación.

Responde o vicerreitor de Alumnado, Docencia e Calidade dicindo que hai tres títulos compartidos con centros adscritos. Sinala, que as conclusións recollidas nos devanditos informes de seguimento son útiles para falar cos responsables do título ao que se refire a Prof<sup>a</sup> Alén, e que isto é unha mostra da utilidade dos procesos de seguimento de titulacións.

Intervén a Prof<sup>a</sup> Edita Alonso sobre a posibilidade de obter extractos do expediente en inglés.

Responde o vicerreitor de Relacións Internacionais, que esta posibilidade xa está dispoñible no sistema de xestión académica Xescampus para a emisión dos Transcript e os Records dos estudantes de intercambio. Asemade, di que o sistema soporta a emisión do Suplemento Europeo ao Diploma, que tamén inclúe unha versión en inglés da información contida nel. Na opinión do vicerreitor, daranse os pasos necesarios para que esa posibilidade, nomeadamente á obtención de extractos do expediente en inglés, estea dispoñible para todo o estudiantado; que tamén se estudará cos servizos xurídicos a posibilidade de emitir certificacións académicas oficiais en inglés. Sinala, en último lugar, que se está xa a traballar para incluír, xunto coas cualificacións obtidas nas distintas materias, información sobre o desempeño do estudante en relación co resto do seu grupo (percentís) xunto á clasificación do sistema ECTS mediante literais (A, B, C, D, E).

Intervén o Sr. Manuel Silveira, en representación dos alumnos, para facer queixas polo estado das infraestruturas. Na súa opinión, os viais interiores do Campus de Vigo presentan fochancas, así como que considera que non é axeitada a elevada altura dos pasos de peóns á altura do Edificio de Ciencias Experimentais.

Responde o vicerreitor de Economía e Planificación que os traballos de reparación deben estar acabados a finais de setembro.

Intervén ou Sr. Federico Fernández coa intervención que consta no **Anexo VII**.


Responde o reitor que a súa intervención vai na liña do exposto no informe; que só se actuará por imperativo legal; que xa foron pedidos os informes xurídicos e elevado as consultas correspondentes. Que o obxectivo principal é minimizar o seu impacto e evitar a lesión aos dereitos dos traballadores da universidade. Respecto ao segundo rogo, que se dará traslado á Xerencia.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:30 horas do día 20 de xullo de 2012 da que eu como Secretaria Xeral dou fe co visto e praxe do Reitor.

O Reitor

Salustiano Mato de la Iglesia

A Secretaria Xeral



M<sup>a</sup>. Inmaculada Valeije Álvarez